



Onde informarse sobre o Programa de promoción da lingua galega (PPLG)

Consejería de Educación da Junta de Castilla y León

www.educa.jcyl.es/es/temas/idiomas-bilinguismo/programa-promocion-lengua-gallega-castilla-leon
Tfno.: 983 411 500 Ext.: 804 982

Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada

<http://eoiponferrada.centros.educa.jcyl.es/sitio>
dptogallego@eoiponferrada.org
Tfno.: 987 402 200

Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

www.lingua.gal
Tfno.: 881 996 302

PARA QUE ESTUDAR GALEGO?



- Obterás un certificado oficial de coñecemento da lingua galega
- Ampliarás as túas oportunidades no mundo laboral
- Poderá computarache como mérito á hora de accederes a postos de traballo
- Abrirache as portas ao mundo da lusofonía, no que poderás comunicarte con máis de dous millóns e medio de falantes de portugués
- Contribuirás a conservar parte do patrimonio cultural castelán e leonés



PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA LINGUA GALEGA



NO BIERZO
E SANABRIA

ONDE ESTUDALO?

I - Nos centros educativos que participan no Programa de promoción da lingua galega

Centros de educación infantil e primaria

Que imparten en lingua galega:

- En educación infantil: a área de Linguaxes: Comunicación e Representación, ata un máximo de 1,5 horas semanais.
- En educación primaria: algunha das áreas de Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Educación Artística, ata un máximo de 1,5 horas semanais.

Que centros participan?

Na provincia de León:

CEIP Virgen de la Quinta Angustia, de Cacabelos

CEIP San Ildefonso, de Camponaraya

CRA de Carucedo

CRA Jimena Muñiz, de Corullón

CEIP Compostilla, de Ponferrada

CEIP Jesús Maestro, de Ponferrada

CEIP Valentín García Yebra, de Ponferrada

CEIP Virgen del Carmen (La Placa), de Ponferrada

CRA de Puente de Domingo Flórez

CRA de Toral de Merayo

CEIP M.ª Luisa Ucieda Gavilanes, de Toral de los Vados

CEIP San Lorenzo de Brindis, de Villafranca del Bierzo

CRA Cubillos del Sil

Na provincia de Zamora:

CEIP Tuela-Bibey, de Lubián

Centros de educación secundaria

Que imparten lingua galega:

- En ESO: a materia de Xeografía e Historia, nos catro cursos, e a materia de Lingua e Cultura Galega en 4.º curso. Ao rematar esta etapa, e sempre que se aprobasen estas materias en galego nos catro cursos da ESO, obterase o certificado oficial Celga 2.

- En bacharelato: a materia de Lingua e Cultura Galega nos dous cursos. Ao rematar esta etapa, e sempre que se seguise o programa tamén na ESO, obterase o certificado oficial Celga 3.

Que centros participan?

IES Bergidum Flavium, de Cacabelos

IES Europa, de Ponferrada

IES Virgen de la Encina, de Ponferrada

IES Padre Sarmiento, de Villafranca del Bierzo



II - Na Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada

Que niveis de galego se ofertan?

Ofértanse os seguintes niveis validables polos certificados de lingua galega:

Nivel básico A2..... Celga 1

Nivel intermedio B1..... Celga 2

Nivel avanzado B2..... Celga 3

Curso de especialización

do nivel C1 Celga 4



Como inscribirse?

Cubrindo a autorización que se inclúe no sobre de matrícula e entregándoa no centro educativo no que se vai estudar.



Quen pode facelo?

Calquera alumna ou alumno autorizado polos seus pais, con independencia de que seguise o programa durante o curso anterior.



Como inscribirse na EOI?

Solicitando a admisión e, posteriormente, formalizando a matrícula nos prazos que se establezan.

